



## MEMORIA

### MEM1: ORGANIZACIÓN.

O Pazo de Congressos e Exposicións é un organismo autónomo do Concello de Pontevedra, regulado polos seus estatutos aprobados polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o 25 de xuño de 1998, (*Bop nº 172 do 7/09/1998*) tendo pois personalidade xurídica propia xestiona directamente os servizos culturais de competencia do Concello.

O seu órgano reitor é o Consello de Goberno, constituído por once membros: o Presidente, catro Concelleiros do Concello, (1 BNG, 2 PP e 1 PSOE), un vogal representante das entidades financeiras patrocinadoras, un vogal das empresas patrocinadoras, sendos vogais representantes da Deputación e da Consellería de Cultura, mais dous vogais designados directamente pola Alcaldía entre persoas de recoñecido prestixio cultural con residencia no municipio, nomeadas por Decreto de data 13 de xaneiro de 2012.

### MEM2 :XESTION DE SERVICIOS PUBLICOS.

Non consta.

### MEM3: BASES DE PRESENTACION DAS CONTAS.

Ao longo do exercicio económico, tanto no rexistro das operacións económico-financieiras, como na elaboración das contas anuais se seguiron as disposicións do Modelo Normal da ICAL 2004.

En ningún caso foi necesaria a utilización de outros principios contables que se separaran dos criterios dos principios contables públicos para a consecución da imaxe fiel.

### MEM4: NORMAS DE VALORACION.

Para a dotación das amortizacións do Inmobilizado Inmaterial, e tendo en conta as dificultades que para o seu cálculo constitúe o feito de que non se conte nin con un Inventario Municipal, nin con un Inventario contable, se seguen os criterios de amortización sinalados nas bases de Execución do Orzamento. O seu cálculo ven especificado no informe do OXPC á Conta Xeral.

Polo que respecta á dotación da provisión para insolvencias, se seguiu o criterio establecido nas Bases de Execución do Orzamento para o cálculo dos dereitos de difícil ou imposible recadación.

